



Información Mesa Sectorial 1 de xullo de 2010

Os puntos que se trataron foron os seguintes:

- **Proxecto de Centro de servizos multicanle: o teléfono único do Sergas.**

Puxeron unha presentación sobre o seu proxecto de unificar as distintas centrais de chamadas nun só número de teléfono (un 902) que servirá para pedir cita ou para realizar consultas sanitarias telefónicas. A súa intención é que empece a funcionar en xullo ou despois do verán. En principio daríase cita só para Médicos de Familia e Pediatría, e a idea é que se vaian incorporando o resto de axendas paulatinamente. Insistimos en que se citara para todas as axendas. O feito de que poñan un número para pedir cita non implicará que o persoal do grupo da función administrativa (Aux. Administrativos e PSX) dos centros deixe de ter que coller o teléfono para citar. A este respecto, desde **CIG** comentamos que no Plan de Mellora se recollía unha central de chamadas, que debería ser totalmente pública, e que liberara ao devandito persoal de realizar esa tarefa, de xeito que poidan dedicarse ás outras tarefas administrativas que teñen encomendadas e outras que co Plan de Mellora se incorporarían. Tamén desde **CIG** solicitamos que se habilitaran números de teléfono de prefixo provincial para poder chamar de xeito económico aquelas persoas que teñen tarifas planas contratadas, nas que non entran as chamadas aos 902.

O que non quedou claro é que vai pasar co servizo que está externalizado. Parece ser que pensan manter a empresa contratada, pero non aclararon con qué funcións, ou quen vai levar o novo servizo.

- **Temas relativos á OPE:**

- **Comisión técnica de mellora continua de procesos selectivos.** Teñen preparado un documento base sobre o proceso de OPE que enviarán para que sobre el e en base ás alegacións ou novos temas que se formulen se constitúa, tal como pediu a **CIG** no seu día, unha comisión técnica sobre OPE á volta do verán, que tratará, entre outros, estes temas:
 - Calendario OPE, datas de convocatoria, prazos razoables que non afecten nin asistencialmente nin á conciliación familiar.
 - Convocatoria: requisitos (titulacións), novas categorías, baremos estables...
 - Estudo sobre as convocatorias para discapacitad@s.
 - Tribunais: elección de membros, funcionamento, formación...
 - Proceso de exames: tipos de exames, realización, custodia, publicación...
 - Resolución de procesos e tomas de posesión (situacións administrativas).
 - Plans de acollida nos centros.
 - Aplicativo informático.

Desde **CIG** fixemos fincapé unha vez máis na necesidade de determinar os itinerarios profesionais para evitar moitos dos problemas que se dan.

Tamén falamos das situacións administrativas, en concreto da **excedencia por coidado de fill@ ou familiar a cargo**. Adiantouse aquí o **último punto da orde do día** sobre o tema, o SERGAS



pretende realizar unhas instrucións sobre a concesión ou denegación deste tipo de excedencias en función de que se pidan para os obxectivos para os que están marcadas, para evitar a picaresca que se produce con esta cuestión. Enviarán a proposta de instrucións.

- **Posibles listaxes de vinculacións de FEAS que resulten cesados na OPE 2008.** O SERGAS non está pola labor de configurar unhas listas de contratación para FEAS. Despois do debate, e da posición de todas as OO.SS da necesidade dunhas listas que ordene por méritos aos FEAS, quedou claro que o SERGAS non pensa configurar listas de FEAS nin co resultado da OPE nin no Novo Pacto de Contratacións, dándolle así carta branca a todas as situacións irregulares que se producen de mans dos Xefes de Servizo. O que vale para as outras categorías non vale para os FEAS, deben de ser doutro mundo.
- **OPE Facultativos Especialistas de Área en Psiquiatría 2006.** Están valorando cómo facer o acto de elección de prazas das dúas OPE (2006 e 2008) polo complicado do tema, posto que hai xente que obtivo praza nos dous procesos. Enviarán un calendario dos procesos en marcha, incluído este, e as prazas de Psiquiatría das dúas OPE.
- **Información sobre o Protocolo entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e a Deputación Provincial de Lugo aos efectos de levar adiante o proceso de traspaso dos medios de carácter persoal dos Hospitais Provincial “San José” e Psiquiátrico “San Rafael”.** Este punto quedou adiado ata a Mesa Sectorial Monográfica do próximo día 7 de xullo.
- **Cuestións acerca da Orden de confección de nóminas do 24 de xuño de 2010.** Déronnos unha explicación sobre a nómina de xuño que xa adiantaran por correo electrónico e que publicamos na web. A base de cotización desta última nómina non era a correcta porque non lles deu tempo a adaptar o aplicativo. O día 7 de xullo estarán en disposición de emitir unha nómina complementaria e “ficticia” posto que non suporá remuneración, só será para incorporar a base de cotización real. Tamén se comunicou que a orde de nóminas publicada no DOG na versión galega contén un erro nos complementos de Celador de atención directa, que non está na versión en español, nin foi aplicado como erro nas nóminas. Non entendemos moi ben porqué se producen estes erros porque os números escríbense igual en galego que en español, só se trataba de copiar e pegar...
- **Excedencia para coidado de fillos e familiares.** Este punto foi tratado no punto 2.